

O MESTRE QUE EXPLOROU A CARA OCULTA DA LÚA

THE TEACHER WHO EXPLORED THE HIDDEN FACE OF THE MOON

Fina Casalderrey

Velaquí estamos, en Cotobade –moi preto da primeira escola na que o adolescente Antonio Fraguas Fraguas comezou a protexerse da intemperie en saberes académicos–, no marco que el mesmo sentía coma o “lugar no que se atopan as esencia de Galicia”¹, para honrarnos, no Día Grande das Letras, a memoria deste ilustre veciño, fillo predilecto do Concello. Famelga, a aldea de Insuela, xunto cos lugares onde exerceu a súa profesión como docente², foron o libro que máis lle ensinou a este investigador apaixonado do mundo rural³, a este aldeán que xamais renegou das súas raíces, unhas raíces que estaban tan metidas na terra coma as desa árbore que chaman “dos pastores”, capaz de buscar vida nas profundidades máis recónditas e permanecer ergueita. “Fun o máis distinguido da aldea e nunca me molestou e chegou a ser o meu garboso pseudónimo” (González Pérez 2006: 27); deste xeito se referiu a si mesmo este home afable, ateigado de humildade e sabedoría, entregado á causa galega sen rancores nin vinganzas. A pesar da dor na alma por aqueles días de represión sen acubillo que cambiaron a súa vida por completo, nunca perdeu a cripta dos soños, e continuou sempre fiel a un ideario cuxo ronsel continúa a capelexar no aire, a suscitar afectos e a romper ríos de distancia, malia viaxar xa por esa memoria que o Museo do Pobo Galego e a Fundación que leva o seu nome impediron que se consuma e que, este ano en especial, a Real Academia Galega, pon en valor.

Don Antonio foi ante todo un mestre. Un mestre cicerone que, na longa noite de bocas secuestradas que tantos anos durou, se entregara en amasar un

1 “Tanto Fraguas como Núñez Búa tiñan a Cotobade como lugar no que se atopan as esencia de Galicia que baixan co Lézre ata Pontevedra”, escribe Isaac Díaz Pardo na súa introdución para a publicación que polo seu centenario editou o Museo do Pobo Galego (2006: 11).

2 42 anos, 1 mes e 2 días ata que, con 70 anos, o 28 de decembro de 1975, se xubilou.

3 Declaración feita por don Antonio Fraguas nunha entrevista da CRTVG (1/XI/1986).

pan de identidade que levedou naquela rapazada. Hoxe adultos, discípulos e discípulas continúan a escoitar o bisbar da súa pacífica rebeldía rachando o ceo daquel silencio imposto que nos mantivera adurmiñados nun berce bretemoso. O seu predicamento, que levaba o eficaz aval do exemplo do bo mestre, do mestre bo⁴, abondoulles para enchouparen o peito de soños. Velaí as armas de resistencia deste “Indiana Jones das corredeiras” (Enríquez 2006: 155), que loitaba sen fusta nin revólver contra o esquecemento e que dedicou gran parte da súa vida a recompoñer a nosa historia cos pequenos tesouros que foi atopando, coma quen explora a cara oculta da lúa –esa na que ninguén adoita reparar–, convencido de que tamén a ela chega a luz. A luz da memoria colectiva, a maneira de vivir do pobo, é fundamental na construción da nosa identidade. O antropólogo Xosé Manuel González Reboredo –exalumno de don Antonio no Instituto de Lugo e, máis tarde, na Universidade de Santiago de Compostela– refírese a este “labrego de berce”, coma un “etnógrafo puro” (2006: 98), que fuxiu das teorías e centrou os seus esforzos no traballo de campo, na urxencia da recollida dese patrimonio inmaterial co que termar da memoria de nós e na docencia.

Na súa condición estaba o se manter no camiño de ida, podendo sombras, ergueito nas súas conviccións coma esas canas indias polas que ruben ao ceo algúns deuses, coma “os fachicos e as estrelas da fonda noite aldeá galega” (Otero 2019: 31); afeito, ademais, a soportar as xeadas, pendente sempre dos coidados do que sementaba para ver medrar os froitos.

Contan que cando Antonio Machado finou aquel 22 de febreiro de 1939, na vila francesa de Colliure, exiliado como tantas e tantos outros, un amigo atopou nun dos petos do seu gabán un papel escrito á man co que, se considera, foron os derradeiros versos do xenial poeta. Nesas horas finais, cando só importan as cousas do principio, escribira Machado: “Estos días azules y este sol de la infancia”⁵.

Figúraseme ver o neno de Quintero de Baixo descubrindo o universo das palabras neses días azuis nos que domina o tempo e aprende a ler no primeiro silabario que lle mercara súa nai, coa súa axuda e coa intuición pedagóxica de mamá Antonia adiantándose a métodos posteriores máis axeitados para ensinar a ler un neno: “d, acórdate polo dedo” (Fraguas 1999: 625). Véxoo explorando os cumes de Loureiro, emprendendo o voo cos brazos abertos cara a Caroi, cantando, baixando e subindo, de coto en coto, coma un pequeno merlo que andase a anunciar os fríos: Coto Grande, Coto Redondo, Coto do Carballal... mentres o monte do Seixo vixía as súas fantasías de cativo de aldea que apalpa cos dedos a

4 Así lle chama o propio autor en Cajaraville 2019.

5 “Estos días azules y este sol de la infancia”, *Somos documentales* [blog] 19/II/2014. Dispoñible en <https://blog.rtv.es/somosdocumentales/2014/02/estos-d%C3%ADas-azules-y-este-sol-de-la-infancia.html>

textura da liberdade. De camiño crúzase co “rabaño das cabras do señor Bernardino Raxó”, que “baixan do Coto da Rula, moi cedo, para os Chans do Preiro, cerca do río” (Fraguas 2019a: 15). Daquela o rapaciño sabe interpretar o sinal e trata de se dar présa: vai vir a chuvia.

Xa onda a capela de Santa Mariña do Seixo contempla as tres rías e, dende alí –talmente o Migueliño de Castela–, imaxina o mar que o achega a un pai do que só sabe por fotos e por cartas, mais do que pode esbozar unha imaxe idealizada. Está a piques de o coñecer en persoa! Dese xeito, contemplando horizontes abertos, o neno Antonio prende luces nos infinitos mares do cosmos e detecta a cor dos ceos que se reflicten no espello das augas. Asemade, Teresa, a súa nai, tanxe melancolías agardando novas amencidas de pan fresco. Manuel Fraguas, o pai, volve á fin. E o neno, que vive o privilexio de asistir ao casamento dos seus proxenitores –tal como prometeran na igrexa de Acibeiro (Forcarei) oito anos atrás, antes da partida–, comeza a gozar cun soño que Manuel lle pousa no maxín: o seu fillo será maquinista dun tren que percorrerá as vías de ferrocarril que el axudara a construír en Niteroi, alá no Brasil.

Fóra das aulas, enchoupado dunha curiosidade que estas non sacian, continúa a percorrer o mundo, a explorar a cara oculta da Lúa: as murallas do Foxo do Lobo, as ribeiras do Almofrei dende Loureiro, polo camiño de Cacharredo ata o Frade, o Coto da Rabadeira, a Carballeira do Rei, reserva de carballos que nos séculos XVI e XVII se utilizou na construción de barcos para a flota. E os nomes aprendidos vánselle metendo ata nos zocos.

Seu pai, canteiro de profesión, é un home moi serio e estrito que endexamais canta e que non dubida en utilizar o vimbio como material pedagóxico se for mes-ter⁶. Mais o neno si, Antonio canta, el é quen de reproducir cantigas coma a que escoitou na boca dun canteiro de Famelga:

Canta, miña pedra, canta,
a compás deste punteiro,
canta, miña pedra, canta,
fai lle compañía ao canteiro.

A vida latexa fóra daquela escola rancia de Loureiro, cuxa pedagogía nada ten que ver coas propostas innovadoras da época, e aínda hoxe vixentes, de Francisco Giner de los Ríos ou Andrés Manjón, fundadores de importantes institucións docentes a finais do século XIX. Naquela escola rural, os principios de autoridade e respecto ao mestre abundan para impoñer disciplina; as súas decisións son

6 Cón tao o propio Fraguas en “Notas da miña vida e do meu tempo” (s.d.).

incuestionables. O propio Fraguas lembra o momento en que, con desgana, se ha de reincorporar a esa escola; alí, afirma con rotundidade, non aprendera nada, “absolutamente nada” (Fraguas s.d.). Sucede isto cando o crego da parroquia, Isidro Andi3n, o expulsa das súas clases particulares porque, en lugar de se aplicar na mon3tona lectura do silabario, e malia as reiteradas advertencias, se sente atraído polo movemento das follas das árbores que, ao compás da brisa, danzaban onda a ventá: “Con respectuoso acatamento reanudei a miña lectura pero a gracia do castiñeiro era poderosa e gardei novo silencio. Por segunda vez a mesma advertencia: *Antonio lee*” (s.d.). Na escola de Celestino Veiga, o seu tío político, á que ten que regresar o neno Antonio, non atopa máis utilidade de certa regra de madeira, numerada, que a de lle servir ao señor mestre para mallar nos rapaces: “A letra con sangue entra”. Ese xamais sería o seu lema. Se un día el fose mestre, investigaría canda a rapazada a outra cara da Lúa, esa na que non reparan os seus escolantes, daría resposta a aquela enigmática frase que aparece gravada nunha pedra que se mantén en pé, pegada ao muro da igrexa de San Miguel: “y no se contienen los ojos de llorar a Florentina...”. Faríalles sentir o respirar da terra, ensináralles a apoupiñar coas mans a xeografía galega.

Outro tanto acontece cando, grazas á visita dun Inspector de Educación, descobre o proveito que lle pode sacar a aquela lousa negra e a aquel garabullo branco que nunca tivera oportunidade de usar; quizais con aquel pauciño puidese escribir na lousa os nomes dos lugares que lle van sendo revelados nos arredores: carballeira da Portela, ponte da Rasa, ponte de San Xián, carballeira de Carbalinchán, río Cabanelas, muíño do Maio, muíño do Reboredo, ponte do Rexedoiro, muíños do Cachopo, coto do Ramaloso, portela das Laxes, carballeira da Capitana, muíños de Barbeitos, da Fonte Seca, do Río Grande... Esa realidade referenciada servíalle máis tarde para abrir a porta das aulas e ensinar a súa materia con auténtica sedución; e faino “coesa mesma adicación que non foron capaces de afogar as máis ruíns malquerenzas” (Fraguas 1985: 9), como diría Xaquín Lorenzo, referíndose ao momento en que Fraguas foi desposuído do seu labor como ensinante.

Preparándose para ser emigrante de proveito no país americano, por fin, con trece anos pode asistir ás clases de don Antonio aquí, en Famelga, na parroquia de Aguasantas. Dese mestre, aprende o adolescente a importancia do estímulo dun bo ensinante. Os soños de ser maquinista vanse esvaendo coma o resón dun instrumento de corda ao descubrir novos saberes e novas maneiras de os transmitir. Se algún día se dedicase á docencia, el nunca se limitaría a pendurar un mapa na parede para lles obrigar a memorizar unha restrá de nomes de ríos e afluentes, de montes e cordilleiras, vilas, cidades e países que, quizais, nunca na vida fan ter oportunidade de visitar; nomes e máis nomes que non lles dirían nada. El explicáralles a razón de por que os ríos van dar ao mar, de por que se forman as serras, por

que unhas son aguzadas e outras suaves... Comezaría por espertar no alumnado a sede polo coñecemento e o gozo que empeza a saborear el mesmo; mostraríalles a contorna máis achegada para que, de maneira tanxible chegasen, logo, aos saberes universais, á cara oculta da Lúa. Camiñaría canda eles pola senda de San Xusto e as frondosas beiras do Lérez, beberían xuntos a paisaxe e a historia nun intento de rescataren o vello muiñeiro que, segundo a lenda, desapareceu de maneira misteriosa despois da primeira muiñada; descubrirían da súa man os petróglifos dos Fentáns, onde el se marabilla diante do diminuto guerreiro que porta unha espada desproporcionada, e a Laxe dos Cegos, o Outeiro do Morcego...

Xa no Instituto de Pontevedra vai transcorrendo a súa adolescencia. Imaxínoo imitando a Goethe na súa visita a Roma, invocando os deuses e as pedras: “Faládame que tamén tendes alma!”. E o que lle é revelado prende nel cal buganvílea que rube louzá por un valo, ata ser quen de o saltar; grazas, en gran parte, a novos mestres de entusiasmo contaxioso, coma os que ten no bacharelato en Pontevedra: Ramón Sobrino Buhigas, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao —a quen substituíu en 1951, cando ingresou na Real Academia Galega— ou Antón Losada Diéguez. É entón cando, animado por este último, se converte nun explorador dos tesouros da fala, comezando pola das terras deste seu Cotobade natal: “... estes centos de cantigas foron recollidas por min hai máis de sesenta anos, cando era escolante no Instituto de Pontevedra” (1985: 13), afirma moitos anos despois. Con este traballo arredor da literatura popular, descobre que en cada mozo, en cada moza, hai un poeta e el farállelo saber cando comece a exercer como ensinante. “De poeta, médico e louco, todos temos un pouco”. Enchoupado do maxisterio de Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas, así o fai dende os seus inicios como docente naquel Instituto Nacional de 2º Ensino de Santiago, exercendo de profesor interino no curso 1928-1929. Nese tempo ingresa no Seminario de Estudos Galegos e alí atopa o contexto propicio para desenvolver o seu interese polo estudo da cultura galega. Dende entón o ensino foi o impelente da súa existencia, como profesor axudante na Facultade de Letras primeiro, como profesor auxiliar de historia despois, logo como profesor de xeografía e historia (1933) no colexio Subvencionado da Estrada (de 1933 a 1936).

“Don Antonio desexa converter o instituto en núcleo dinamizador da inexistente vida cultural estradense organizando ciclos de conferencias e charlas de divulgación científica que redunden en beneficio do pobo”, asegura María Xosé Enríquez Morales ex-alumna e investigadora da súa traxectoria como docente. O instituto non debe ser visto só como centro onde poden “adquirir un título uns cantos privilexiados”, senón tamén un lugar de orientación e consulta para os que quixesen servirse del (Enríquez 2006: 161).

Figúraseme velo, cal explorador daquelas mentes adolescentes, organizando excursións os sábados pola tarde e os domingos para gañar ese afecto necesario, dialogando con eles, subliñando o interese dalgún elemento patrimonial a eles vencellado, tanto material como inmaterial, animándoos a preguntar, preguntándolles... “Coñeces algún edificio románico? Como é?” Imaxínoo chantando un pau no medio e medio do patio para converter este na agulla dun gran reloxo de sol; seguindo a sombra do pau comezan as súas primeiras nocións de astronomía. Imaxino, outrosí, aquela rapazada, tomando notas do aprendido, debuxando o rudimentario reloxo, ou o hórreo máis próximo, ou o meandro do río no que van aprender a nadar polo verán, ou as constelacións do anaco de firmamento observado, ou tomando notas sobre o que cadaquén descobre arredor da astronomía popular, os refráns, os ditos, as lendas... ou mesmo as inquedanzas que perseguen na súa singradura. Todo cabe naquela sorte de caderno de bitácora que cada quen ha de ir cumplimentando durante a travesía do curso escolar e ao que don Antonio tanta importancia lle dá. Asemade, o mestre toma apuntamentos persoais de cada un deles no seu propio caderno: “Moi colaboradora, tímido, moi preparado, mostra moito interese...”.

Esa súa entrega como ensinante non impide a súa destitución polo “perigo” que supuña a súa pertenza ao Partido Galeguista e por facer propaganda en prol do Estatuto. No calendario ruín do 12 de novembro de 1936 –o mesmo día que en Pontevedra son fusilados no monte da Caeira médicos, mestres, avogados... dez en total, por seren fieis aos seus ideais democráticos– recibe don Antonio, dende o Instituto da Estrada, a notificación, con data do día 4, de que queda suspendido de emprego e soldo. Coma se o presentise, no derradeiro curso redactou unha memoria de vinte e dúas cuartillas manuscritas, sen data, mais con pistas como “al cabo de los tres años que llevo en el Instituto...” que nos levan a deducir que foron escritas no verán de 1936. Esa memoria⁷ permítenos coñecer a súa concepción do ensino. Nelas incide en que é moi difícil –se non, imposible– atopar unha fórmula infalible que nos permita dar co mellor método de ensino dunha materia; mais estaba convencido de que ensinar é crear unha relación afectiva cara ao que se ensina e que esa avaliación inicial –na que tanto se incide nos últimos tempos– resulta imprescindible para, partindo do coñecemento do alumnado, dos seus intereses, das súas reaccións, das circunstancias persoais de cada quen, da contorna máis próxima..., orientar a súa exposición como mestre.

Na lectura do prego de descargos que a Comisión de Depuración de Ensino da provincia de Pontevedra lle permite facer e que el envía o 17 de febreiro de

7 Conservada no Museo do Pobo Galego, carpeta 39, da que sabemos grazas ás pescudas de María Xosé Enríquez Morales (2006).

1937, percíbese tan lóxico temor, tanta impotencia! Porén, eses sentimentos non lle impiden avogar polos seus compañeiros de partido.

Malia o inxusto ostracismo, o ensino continúa a ser a súa armadura para resistir e don Antonio segue ligado á docencia impartindo “pasantías” na Academia Menéndez Pelayo, na Algalia de Abaixo en Santiago, xunto co seu amigo e compañeiro de aventuras radiofónicas Xosé Mosquera Pérez, ata que –a partir de 1942– lle volven abrir as portas do ensino público, primeiro na Facultade de Filosofía e Letras como profesor axudante e máis tarde, tenaz diante dos moitos atrancos, ao poder presentarse a cátedras de Xeografía e Historia no Ensino Medio. En maio de 1950, á fin, toma posesión da súa cátedra no Instituto Masculino de Lugo (Lucus Augusti). Daquela, volve implicarse na vida cultural luguesa participando nos Cursos Universitarios de Primavera, asumindo responsabilidades directivas no centro... Acepta que el nunca será un intelectual de cadeira e despacho. Segue a ter claro que se non hai emoción non hai aprendizaxe. E a emoción lévao ao tesón, e este a empregar a súa vida en poñer en valor a cultura popular, “Agora xa é historia todo canto se diga do serán de Loureiro, pero historia de xeracións desaparecidas”, tal dixo no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega (2019b).

Ese mesmo entusiasmo guiáralo, aínda bacharel, a ser un dos tres socios fundadores da Sociedade da Lingua que, no artigo nº 13 do seu regulamento, esixe aos seus socios facer cantas investigacións científicas poidan para exploraren a cara menos recoñecida da cultura galega, a cara oculta da Lúa, ben referidas á historia de Galicia, ben á agricultura, á industria, á literatura popular etc. “Los fundadores de esta Sociedad desean que la armonía en ella sea tal que las vagas ilusiones juveniles de un día puedan llegar a ser realidades del mañana” (González Pérez 2006: 43).

Compostela chama por el e, en 1959, consegue praza no Instituto Rosalía de Castro onde demostrará que o seu entusiasmo permanece intacto. Don Antonio, ou San Antonio, como se refería a el o alumnado do instituto (González Pérez 2006: 154) –no que permaneceu ata a xubilación (1975)– posuía as calidades do bo docente: “afable, sinxelo, disposto a escoitar, sensato, de xuízos e opinións equilibrados”⁸. Incluso os sobriños e sobriñas, vían nel ese padriño adoptivo que acubilla e protexe, que se ocupa e preocupa por todos eles coma se fosen os seus propios fillos⁹, do que lembran leccións de coherencia, vida e beleza. Os verdadeiros docentes levan nos xenes algo que lles impide negarse a facilitar o traballo

8 Así o define o seu sobriño e afillado José Carlos Martínez Cimadevila (2006: 13).

9 “Os doce mil fillos de don Antonio (e una manda de afillados)”, así titula María Xosé Fernández Cerviño o seu ensaio sobre Antonio Fraguas como figura paternal e guieiro, durante 24 anos, do equipo de profesionais e colaboradores do Museo do Pobo Galego na publicación colectiva *Antonio Fraguas Fraguas 1905-1999* (2006).

a calquera que llo solicita, ou a defendelos coma un pai diante do que consideran inxusto, e Fraguas era un mestre vocacional. Manuel Dourado Deira –mestre, licenciado en Dereito– dá conta da súa talla ética ao relatar o momento en que, sendo secretario dun tribunal de reválida, en 1953, e considerando a inxustiza que se ía cometer coa súa persoa ao favorecer o fillo dun poderoso en detrimento seu, intervén con sabedoría:

Señores: vostedes son varóns sabios e xustos. E eu estou certo de que van actuar coa equitativa xenerosidade que os honra. Aquí hai, en efecto, un alumno que non nos é tan coñecido coma o que vostedes propoñen; pero sácalle máis de medio punto na media global. Aínda que ninguén reclamará por el, clamarán as nosas conciencias o resto dos nosos días...

“E así foi como un servidor recibiu o cuarto premio extraordinario”, conclúe o seu relato o protagonista dos feitos (*O Correo Galego* 17/VII/1994).

Figúraseme velo, restituído como ensinante, entrar nunha aula situando o alumnado na importancia da literatura popular deste xeito: “O mesmo que os canteiros, cantaban os carpinteiros, o ferreiro, o albanel, o zapateiro... e xastres e costureiras” (Fraguas 1985: 15):

As señoras costureiras
que andan polas aldeas,
engordan como demonios
co pan das casas alleas

(1985: 35, cantiga 147).

Para continuar reflexionando en voz baixa, moi baixa: “Curioso o tema da literatura popular. Mais esta graza cantoral das máis variadas tonalidades rematou o mesmo día en que comezou a Guerra Civil: Dende ese día todo se volveu triste durante a guerra...” (1985: 15). E bórraselle de inmediato a expresión leda do comezo. Son as voces da crónica nocturna latentes na súa memoria e que tenta ocultar para fuxir da crueldade dos retornos. Así vainos levando, coma gamelas que fosen por un río con rápidos e remansos, pola paisaxe sentimental, comezan a tatuarse os primeiros mapas no seu rostro. Tal como dixó no seu día don Ramón Otero Pedrayo deste “deputado por Listanco”¹⁰:

10 Así lle chamaba don Ramón Otero Pedrayo despois da súa primeira publicación de carácter etnográfico: “Do folk-lore de Armeses-Listanco” (1931).

Ser mestre na Xeografía [...] quer dicir ser dono do espírito, da chave, dos tempos e segredos da paisaxe. E nisto Fraguas é mestre perfecto con emocionado senso de estudante. Pois só quen non teña perdido a saudosa e insatisfeita arelanza do estudante pode ser merecente diante da xuventude do título de mestre.

Fraguas enxergando un rodopío de horizonte, unha estaxe ribeirá, o acudir das rúas ao chamamento da praza, debuxa a temática xeográfica e alenta na vaga néboa de traballos humanos, arelanzas e ecoares do Folclore. Entrambas disciplinas e métodos complementáanse no xove mestre (Otero 2019: 34).

Podo, incluso, imaxinalo alá en Boisaca, na súa derradeira morada terreal, emprendendo novas viaxes por esa memoria que nunca se extingue, conversando co seu veciño don Ramón María del Valle-Inclán, que non pode conter a risa mentres don Antonio lle relata o momento en que, logo de lle axudar ao seu sobriño Carlos cunha composición na que tiña que describir unha casa da aldea, e inspirado o mestre na dunha veciña de Loureiro, lle fai o traballo e o profesor expresa a nota “Un 7 por ter copiado de Valle-Inclán” (Martínez 2006: 13).

En nome de todas e todos os ensinantes do meu tempo vinculados aos movementos de renovación pedagóxica, que dalgún xeito seguimos a súa estela de irmandade e tamén quixemos explorar a luz que ilumina a cara oculta da Lúa para cambiar o mundo, quero expresar a nosa gratitude a eses primeiros mestres e mestras que deixaron un pouso perenne da súa sabedoría e da súa ética en nós.

Grazas, don Antonio Fraguas, mestre de mestres.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Cajaraville, Héctor (2019): *Antonio Fraguas. O bo mestre, o mestre bo*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Díaz Pardo, Isaac (2006): “Relembanzas de D. Antonio Fraguas”, en García/Fernández/González 2006: 11-12.
- Enríquez Morales, María Xosé (2006): “Don Antonio Fraguas: unha vida dedicada á docencia”, en García/Fernández/González 2006: 152-179.
- Fernández Cerviño, María Xosé (2006): “Os doce mil fillos de don Antonio (e unha manda de afillados)”, en García/Fernández/González 2006: 226-245.
- Fraguas Fraguas, Antonio (s.d.): “Notas da miña vida e do meu tempo”, ms. Museo do Pobo Galego: *Fondo Antonio Fraguas Fraguas*.

- (1931): “Do folk-lore de Armeses-Listanco”, *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 96, 221-227.
- (1985): *Aportacións ó cancionero de Cotobade*. Trasalba (Ourense): Fundación Otero Pedrayo.
- (1999): “O lugar e a casa onde nacín”, *Grial* 144, 621-629.
- (2019a): *Do tempo e dos astros*. Vigo: Galaxia.
- (2019b): *As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade. Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.342>
- García Martínez, Carlos, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.) (2006): *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre “por e pra Galicia”*. Ofrenda no seu centenario. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.
- González Pérez, Clodio (2006): “Antonio Fraguas Fraguas, 1905 - 1999. Vida e obra”, en García/Fernández/González 2006: 24-89.
- González Reboredo, Xosé Manuel (2006): “O etnógrafo Antonio Fraguas”, en García/Fernández/González 2006: 90-117.
- Martínez Cimadevila, José Carlos (2006): “[Presentación]”, en García/Fernández/González 2006: 13-14.
- Otero Pedrayo, Ramón (2019): “Resposta do excelentísimo señor don Ramón Otero Pedrayo”, en Fraguas 2019b: 29-36. <https://doi.org/10.32766/rag.342>